**SUBGRUPO C1-TEMA 10-Igualdade-GALEGO**

**TEMA 10- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade**

1. Segundo o disposto no artigo 1 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a Comunidade Autónoma de Galicia reforza o seu compromiso na eliminación da discriminación entre mulleres e de homes e na promoción da igualdade, atribuíndolle a maior efectividade posible, no seu campo de competencias, ao principio constitucional de:
   a) Igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos os sexos.
   b) Participación desequilibrada dos homes na toma de decisións.
   c) Garantía da dignidade das mulleres.

2. Segundo o disposto no artigo 1 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a Xunta de Galicia tomará en consideración o traballo realizado pola Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, do Parlamento galego:
   a) Sempre que iso sexa posible.
   b) Na elaboración de todos os programas e consignacións orzamentarias.
   c) Na adopción e execución das políticas dirixidas á eliminación de todo tipo de discriminacións contra as mulleres.

3. Conforme ao disposto no artigo 2 de Decreto lexislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, inclúese dentro do concepto de discriminación:
   a) Calquera trato máis favorable baseado no rexeitamento de tal comportamento por parte dunha persoa ou o seu sometemento a este.
   b) O trato máis favorable a unha muller en relación co embarazo ou co permiso por maternidade.
   c) A orde de discriminar persoas por razón do seu sexo.

4. Conforme ao disposto no artigo 3 de Decreto lexislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, dispone, polo que respecta ao acceso ao emprego, unha diferenza de trato baseada nunha característica relacionada co sexo, debido á natureza das actividades profesionais concretas ou ao contexto no que se leven a cabo, cando esta característica constitúa un requisito profesional esencial e determinante, a condición de que o seu obxectivo sexa lexítimo e o requisito proporcionado denomínase:
   a) A excepción de boa fe ocupacional.
   b) Un suposto de discriminación.
   c) Unha acción positiva.

**SUBGRUPO C1-TEMA 10-Igualdade-GALEGO**

5. Conforme ao disposto no artigo 4 de Decreto lexislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, denomínanse accións positivas:

a) As medidas destinadas á integración da dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas públicas.
b) A colaboración en materia de xénero entre os diversos órganos integrados na Administración xeral da comunidade autónoma.
c) As medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

6. Conforme ao disposto no artigo 5 de Decreto lexislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a conciliación do emprego e da vida familiar das mulleres e homes e o fomento da individualización dos dereitos tendentes a esa conciliación considérase:

a) Un criterio de actuación da Xunta de Galicia.
b) Unha función da Comisión Interdepartamental de Igualdade.
c) Unha función do Consello Galego das Mulleres.

7. Segundo o disposto no artigo 6 de Decreto lexislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, adaptar o plan de etapas de aplicación da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a elaboración de estudos, informes ou consultas no ámbito de emprego das relacións laborais que lle sexan solicitados pola Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de traballo, é unha función de:

a) A Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres.
b) A Comisión Interdepartamental de Igualdade.
c) O Consello Galego das Mulleres.

8. Segundo o disposto no artigo 6 de Decreto lexislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a difusión dos valores da igualdade de oportunidades e a defensa dos dereitos e intereses das mulleres para erradicar a discriminación no ámbito do emprego e das relacións laborais corresponderalle a:

a) O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA).
b) A Consellería de Economía, Emprego e Industria.
c) O Consello Galego das Mulleres.

9. Segundo o disposto no artigo 8 de Decreto lexislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, os regulamentos con repercusión en cuestións de xénero elaborados pola Xunta de Galicia tamén esixirán, antes da súa aprobación, a emisión dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado por:

a) A Dirección Xeral da Función Pública.
b) O órgano competente en materia de igualdade.
c) A Comisión Interdepartamental de Igualdade.

**SUBGRUPO C1-TEMA 10-Igualdade-GALEGO**

10. Segundo o disposto no artigo 10 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a Xunta de Galicia no seu ámbito de competencias promoverá e levará a cabo accións dirixidas a conseguir os seguintes obxectivos, en relación coa información, asesoramento e orientación para as mulleres:

a) Erradicación, en todas as formas de expresión oral ou escrita, do uso sexista da linguaxe no campo institucional.
b) Garantir o uso non sexista da linguaxe.
c) Garantir o funcionamento de centros e servizos de información e asesoramento ás mulleres en número e dotacións suficientes.

11. Segundo o disposto no artigo 12 de Decreto lexislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a Xunta de Galicia erradicará o uso sexista da linguaxe no campo institucional, tanto fronte á cidadanía coma nas comunicacións internas:

a) En todas as formas de expresión oral ou escrita.
b) Nos medios de prensa escritos, unicamente.
c) Na radio e televisión autonómicas, unicamente.

12. Conforme ao disposto no artigo 47 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no acceso ao emprego público galego analizarase se os requisitos esixidos ás persoas aspirantes determinan un prexuízo para as mulleres ou para un colectivo predominantemente feminino:

a) Con anterioridade a calquera oferta de emprego público.
b) Con anterioridade á convocatoria do proceso selectivo.
c) Unha vez finalizado o proceso selectivo.

13. Conforme ao disposto no artigo 49 de Decreto lexislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes denomínase:

a) Discriminación.
b) Infrarrepresentación.
c) Composición equilibrada do persoal .

14. Conforme ao disposto no artigo 52 de Decreto lexislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, enténdese a existencia de predominancia cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual entre o número de mulleres e o número de homes de polo menos:

a) 20 puntos.
b) 10 puntos.
c) 25 puntos.